

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 3 PEÓNS, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, AO ABEIRO DA ORDE DO 14 DE XULLO DE 2016.

PRIMEIRA. Normas xerais.

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria en aplicación da orde do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016 e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2016.

Nº postos e Ocupación: 3 PEÓNS

Servizo: SERVIZO DE COIDADO E MANTEMENTO ÁREAS E VÍAS PÚBLICAS.

Duración contratación: 6 meses.

A selección do traballador será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e polo sistema de concurso.

SEGUNDA. Modalidade do contrato

A modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigo 13.1 da orde do 14 de xullo de 2016 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detallase seguidamente:

Ocupación: PEÓNS, Grupo de Cotización 10.

Servizo: Coidado e mantemento áreas e vías públicas.

Xornada: Completa (100%)

Retribucións: 907,11 € brutos/ mes. Incluída a prorrata da paga extra.

Ámbito: No termo municipal do Concello de Láncara.

Horario.- De luns a sábado, e en todo caso, os días 3, 18 e 25 de cada mes.

TERCEIRA. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Cumprir os 16 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso.

d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

Ocupación: peón

Requisitos específicos:

-Certificado de escolaridade, estudos primarios, graduado escolar, graduado en E.S.O., ou calquera titulación equivalente ou superior.

-Permiso de conducir B

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día sinalado pola oficina de emprego.

CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 12º da Orde do 14 de xullo de 2016, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego. Non se requerirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego, en contestación á correspondente oferta.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Láncara e na súa páxina web (www.concellodelancara.com).

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar para a súa presentación no Concello de Láncara, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos-relacionándose no anexo II), obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e anexo I (modelo de declaración responsable).

A data límite para a achega da documentación establécese no día 20 de outubro de 2016.

QUINTA. Admisión de aspirantes

Despois da presentación de tódolos candidatos incluídos na lista remitida pola Oficina pública de emprego, a alcaldía ditará unha resolución, no prazo máximo de 3 días, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboeiro de anuncios do Concello de Láncara e na súa páxina web (www.concellodelancara.com), indicárase un prazo de douros días hábiles para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Unha vez transcurrido o prazo de emenda, a alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nun prazo máximo de 5 días hábiles, que se publicará no taboeiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, na que se sinalará a data e hora na que se constituirá o tribunal.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

SEXTA. Tribunal cualificador

O tribunal cualificador estará constituído por:

-Presidente/a: Gerardo Sobrado Ventosinos, administrativo do Concello de Láncara.

-Secretario/a: Mónica Vázquez Fandiño, secretaria da Corporación.

-Vogais:

Inés López Farelo, auxiliar administrativa do Concello de Láncara.

Antonio Rubén Sobrado Carballo, encargado Instalacións deportivas e polifuncional.

José Luis Varela Fernández, encargado do servizo de auga do Concello de Lán cara.

Por cada membro do tribunal designarase un suplente cos mesmos requisitos e condicións.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

SÉTIMA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orden decrecente atendendo a puntuación obtida. Respecto aos méritos computables, será de acordo ao establecido no artigo 12 da orde do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, "Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras".

Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.

- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

MÉRITOS

1. Formación: Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, ata un máximo de 4,00 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados, a razón de 0,25 pto/hora
2. Inscripción como demandantes de emprego: Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 1,00 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. Os aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do INEM, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.
- 3.- Por ter menos de 30 anos: 1,00 punto.
- 4.- Por ter máis de 45 anos: 1,00 punto
- 5.- Proba práctica realizada polo órgano de selección a fin de concretar a idoneidade do/a candidato/a para o adecuado desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado, así como a pertenza a colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, de conformidade co establecido na orde reguladora das axudas, a criterio ponderado do órgano de selección ata un máximo de 2 puntos.
- 6.- Por carecer de ingresos a unidade familiar, 1 punto.

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte: Terán preferencia aqueles candidatos que acrediten que con este contrato poden acceder a calquera prestación da seguridade social, as mulleres e os menores de 30 anos por esta orde.

En todo caso, a orde de convocatoria obriga a que as entidades locais beneficiarias realicen as contratacións de tal forma que polo menos **a metade das que realice cada concello sexan mulleres e persoas menores de 30 anos**, salvo que a oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia xustifique que non existen persoas

candidatas de tales colectivos en número suficiente para atender a oferta.

OITAVA. Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento.

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.concellodelancara.com; os aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estos xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

NOVENA. Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Asimesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Láncara e na súa páxina web (www.concellodelancara.com), ante o alcalde do Concello de Láncara, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións

Públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Láncara e na súa páxina web (www.concellodelancara.com), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e outra normativa concordante.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 3 de outubro de 2016

O alcalde

Darío A. Piñeiro López

Documento asinado electronicamente á marxe

ANEXO I (MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE)

D. _____, con DNI núm. _____, e domicilio para efectos de notificación en _____,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

PRIMEIRO:

1) Que reúno os requisitos xerais desta convocatoria [1]:

a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes caso:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Cumprir os 18 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso.

d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

b) Que reúno os requisitos específicos desta convocatoria:

SEGUNDO. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen o proceso de selección.

TERCEIRO. Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas a selección de persoal laboral temporal, categoría 3 PEÓNS.

_____, ____ de _____ de 20__
O solicitante,

Asdo.: _____

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o CONCELLO DE LÁNCARA, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o CONCELLO DE LÁNCARA, con domicilio social na ROSALÍA DE CASTRO, 17, 27360 A POBRA DE SAN XIAO. LÁNCARA, LUGO. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o CONCELLO DE LÁNCARA, calquer modificación que se produza nos datos aportados.

ANEXO II (RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS)

FORMACIÓN			
Nº orde	Denominación	Centro Impartición	Horas

TÍTULACIÓN		
Denominación	Centro Impartición	Ano

IDIOMA:GALEGO	
CURSO/TITULACIÓN/HOMOLOGACIÓN	

INSCRIPCIÓN COMO DEMANDANTE DE EMPREGO		
X	CERTIFICACIÓN EXPEDIDA	Nº DÍAS
	INEM	

Láncara,

O solicitante

Asdo:

[1] Véxanse artigos 32 do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

[2] Téñase en conta o disposto para estes casos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. Contra as presentes bases que pon fin a vía administrativa, pode interpoñerse, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o alcalde en funcións do Concello de Láncara, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do

Concello de Láncara

Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que considere conveniente.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 3 de outubro de 2016
O alcalde

Darío A. Piñeiro López

Documento asinado electronicamente á marxe